

AS ULTEMAS TENDENCIAS D'A MUSICA

Por el Maestro José Baldomir.

Para "Eco de Galicia"

Según prometiera en carta que vió la luz en "Eco de Galicia", empieza desde hoy a colaborar en nuestras publicaciones, el maestro Baldomir, laureado autor de "Meus Amores". El maestro Baldomir es académico de la de Bellas Artes de San Fernando de Madrid y catedrático de solfeo y conjunto vocal; tiene publicado infinidad de obras musicales las que le han dado fama mundial, colocándolo como uno de los mejores musicólogos españoles. En estos días pondrá a la venta otras que acaba de editar.

Nuestros lectores están, pues, de enhorabuena y nosotros también.

FALA O MAESTRO.

En todas as épocas d'a historia d'a música, como n'a historia de calquera outra manifestación artística, oubo un tempo de preparación, outro de florecimiento é outro de decadencia. N'a actualidade, todos os síntomas fan supoñer c'a música,—ó mesmo c'as demais artes,—está en completa decadencia.

Trastocanse os valores d'un arte tan sutil, convertindo os medios é procedimentos en fins; inventanse fórmulas d'un extravagante exotismo sin ningún sentido nin significación expresiva, é redúcese a música ó pracer físico d'un ritmo ou d'unha certa armonía, ás mais vacías é incoherentes combinacións sonoras, ó abuso d'o detalle, ó sorprendente inexpresivo é arbitrario d'os contrastes mais estranos—á confusión inorgánica—como di un distinto escritor,— d'unha armonía sin tonalidade nin modalidade definida c'as mais d'as veces fai sentire unha desagradable sobrecitación n'os nervios, é outras, ó adormecimiento d'un refinado narcótico.

A cacareada renovación d'armonía convertida en recetas pra uso d'o dilettanti, d'unha proeza abrumadora, porque se di c'os sistemas d'os clásicos están gastados, é que xa cumpriron a súa misión, que renoualos volvendo ó arte primitivo, pois a manía pol-o arcaico parece sere unha d'as características d'o chamado arte novo.

O arcaísmo d'eses procedimentos, moitas veces elementáes, c'os que non se puído producir unha obra




El insigne musicólogo gallego, don José Baldomir, que desde hoy honra con su valiosa colaboración las páginas de esta Revista.

forte é fermosa, corre parellas c'a indixencia é esterilidad d'as ideas melódicas. Series de sonidos que non expresan nada, non son música.

Eu non creo que finaron as posibilidades d'atopar un pensamento novo n'os sistemas clásicos d'armonía; o sentimento melódico que foi, e será sempre a esencia d'o arte musical, dond'alcontra imposibilidades, e nos novos sistemas c'o están atrofiando c'o-abuso d'as mais discordantes e inespresivas combinacións d'os sonidos.

Os compositores qu'empreian eses procedimentos, reducindo a música á un arte de subordinación, imaxinandose q'un arte tan subxectivo y espirituale com'a

PAISAXES D'A TERRA



NOYA.—La caudalosa Presa de los Molinos, en el río Traba, que representa una poderosa energía hidráulica aprovechable.

iste, pode interpretáre certos asuntos, equivocasse. A música non é arte d'aplicación; cando se lle fai dependere d'un asunto n'a forma realista é secundaria, como queren algúns compositores contemporáneos, perde ó seu encanto, ó seu valóre, a súa personalidade y-á súa libertáde, convirtíndose n'un arte d'imperfecta forma, tan imperfecta, com'os sistemas musicas d'os pobos salvaxes, n'a que fundan á nova armonía, verdadeira monserga de sonidos.

A música pictórica, é simplemente un-ha ficción, retórica, sin mais realidáde c'a imaxináda pol-o auditóre a vista d'un programa, moitas veces, nacida d'unha suxestión d'iluminádo, que se fai a ilusión d'evocáre imaxes n'a súa fantasía, axenas por comprobante a seréa e desinteresáda contemplación d'a Belleza; porqué-á música, arte d'o sentimento, ten ó fin de conmovére pol-o seu mesmo podere y virtualidade, é non produce mais que sonidos estilizados pol-o xenio; pois nas suas combinacións e formas expresivas (prosodia, sintaxis é métrica d'os sonidos)

está o seu contenido, sin ningún sentido oculto nin outro asunto qu-elas mesmas, expresan ó caracter xeneral d'o sentimento, mais con ideas melódicas concretas, con frases musicáes, non con fórmulas armónicas ou orquestáes, é moito menos con ruidos acústicos-sonoros. Un-ha melodía fermosa, sin ningun-ha armonía ,deleitaráanos sempre; en troque as combinacións instrumentáes, mais compriçadas, aburrirannos axiña.

Non son pois d'os que creen c'o arte musicál comenza agora con esas caricaturas musicáes d'os ultramodernistas, sin ningun-ha d'as cualidades que fan imperecedera un-ha obra; pero hai quen-as toma en serio, y esto... "si é broma, pode pasare"... por que de seguire por ese camiño, a Historea d'a Música tería chegado ó seu fin.

JOSE BALDOMIR.

A Coruña, Abril.